

# Addenda á Instrución II/2007 do Xerente da Universidade, relativa ao calendario de festas, permisos e vacacións do persoal de administración e Servizos

O Estatuto Básico do Empregado Público (Lei 7/2007 de 12 de abril), ven establecer no seu artigo 48 e seguintes a nova regulamentación dos permisos tanto para os funcionarios como para o persoal laboral.

Por outra banda anualmente a Xerencia da Universidade ven ditar unha instrución sobre determinados aspectos das vacacións, festas, xornada e días de asuntos particulares que vea afectada pola nova regulamentación citada.

Co obxecto de clarear determinados aspectos sobre os días de asuntos particulares que corresponde ao persoal de administración e servizos, xa sexa funcionario ou laboral, e tralo informe aos órganos de representación do persoal funcionario e laboral, procede ditala seguinte

## Instrución

**Único.-** Modifícase o apartado 5 da [Instrución II/2007](#) do xerente da Universidade de Santiago de Compostela relativa ao calendario de festas, permisos, vacacións e horario do persoal de administración e servizos, que queda redactado consonte o seguinte teor:

“5.- a) Ao longo do ano poderán disfrutarse dos días de permiso por asuntos particulares, que se especifican a continuación, condicionándose a súa autorización a que os servizos queden debidamente atendidos:

- 9 días para o persoal destinado en Centros Universitarios que celebren a festividade do seu patrón.
- 10 días para o persoal adscrito a Servizos Centrais que non celebren a festividade do seu patrón.
- 5 días para os traballadores en xornada especial de fin de semana e festivos.
- 2 días adicionais cando o funcionario ou persoal laboral cumpra o sexto trienio, engadíndose un día adicional por cada trienio a partires do oitavo. O dereito de goce destes días adicionais nace a partires do día seguinte do cumprimento do trienio.

Para efectos aclaratorios, a concesión deste permiso quedará sometida ao seguinte réxime:

- En ningún caso terán a consideración de vacacións e, polo tanto, non poderán acumularse ás vacacións anuais retribuídas.
- O persoal poderá distribuír os ditos días a súa conveniencia, previa autorización dos decanos, directores de centros e xefes das distintas unidades administrativas, de acordo co disposto no punto 13 da resolución reitoral do 7 de xullo de 2006.

- Aconséllase facer uso dos días ao longo do ano xa que, no período de Nadal, co obxecto de salvagardar as necesidades do servizo, non se permitirá a utilización de máis de cinco días laborais, salvo que a criterio do órgano competente para autorizalos, conveña máis unha acumulación ou fraccionamento distinto do sinalado.
- Cando por razóns de servizo non se faga uso da totalidade do mencionado permiso ao longo do ano, poderá concederse ata o límite máximo do día 15 de xaneiro de 2008.

b) Os vixiantes disfrutarán de 9 días continuados, mais os adicionais que lles correspondan, ao ano que se iniciarán o día laborable anterior ao 24 de decembro, sen ter en conta os sábados, domingos e festivos.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2007

O Xerente

Pedro García Moreno